

## Premiado a nivel internacional un traballo do CiTIUS

xoves, 12 setembro, 2019 - 15:34

*O equipo de investigadores galegos foi recoñecido polas súas innovadoras achegas científicas na fusión de dúas técnicas de Intelixencia artificial (IA).*



A *Asociación Internacional para os Sistemas Difusos* (IFSA, polas súas siglas en inglés) vén de conceder un dos tres premios internacionais *IFSA Journal Best Paper Award* a un traballo desenvolvido integramente no CiTIUS (*Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC*), no que os científicos do centro compostelán abordan o papel das descrições lingüísticas de datos na construción de sistemas de xeración de linguaxe natural.

Segundo o investigador Alberto Bugarín, que onte recollía o premio en Praga, «nesta liña de traballo integramos dúas áreas científicas que, ata hai moi pouco, eran practicamente unhas completas descoñecidas entre si: a comunidade de *Intelixencia Computacional* e a de *Xeración de Linguaxe Natural*».

Precisamente dentro desta última atópase a disciplina *Datos a texto* ('Data to text' ou 'D2T'), na que os científicos do CiTIUS levan tempo traballando; entre os seus exemplos de aplicación figura a ferramenta *GaliWeather*: un sistema de 'tradución automática' de modelos numéricos a texto que desde hai anos está integrado na páxina web de *Meteogalicia*, o servizo público de información meteorolóxica da comunidade galega.

Os responsables da *IFSA* (unha federación de asociacións formada por 16 sociedades científicas mundiais do ámbito da intelixencia computacional) concederon o premio en recoñecemento ao desenvolvemento deste traballo para facilitar a interacción entre investigadores en *Xeración de Linguaxe Natural* e *Intelixencia Computacional*, moi especialmente no eido da *Lóxica Borrosa* en sistemas de conversión de datos a texto.

O tema foi tamén obxecto principal de estudo na tese do primeiro autor do artigo, Alejandro Ramos, que recibiu tamén numerosos premios nos últimos anos; entre outros, o *Best PhD Award* a nivel europeo e o *Premio Nacional de Investigación SCIE - Fundación BBVA*.

### Referencias

A. Ramos-Soto, A. Bugarín, S. Barro

*On the role of linguistic descriptions of data in the building of natural language generation systems*

Fuzzy Sets and Systems, Volume 285,2016, Pages 31-51 <https://doi.org/10.1016/j.fss.2015.06.019>